



» PARTICIPACIÓN:

Poderán participar alumnos de **Secundaria, Bacharelato e FP** que cursen estudos en Galicia, e non teñan cumpridos os vinte anos o 31 de decembro de 2021.

» MODALIDADES:

Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poderán concorrer nas seguintes modalidades: **Poesía** (un conxunto de tres poemas, de tema e forma libres) e **Narración** (con extensión máxima de seis folios e mínima de dous mecanografiados a dobre espazo e de tema libre).

» PRESENTACIÓN:

Enviaranse seis exemplares en papel e unha copia en soporte informático. Neles figurará o **título** e un **pseudónimo** ou lema, pero non o nome do autor. Nun sobre pechado introduciranse os datos persoais do autor (nome, idade, enderezo postal e electrónico, teléfono particular, curso e Centro onde estuda), que -para acreditar a súa condición de alumno do Centro- virán selados polo Seminario de Galego. No exterior do sobre figurarán unicamente o pseudónimo ou lema e o título da obra. Traballos e plica enviaranse conxuntamente a:
PREMIOS LITERARIOS MINERVA,
Colexio M. PELETEIRO.
Monte Redondo-Castiñeiriño.
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA.

» PREMIOS:

Concederanse tres premios en cada modalidade, de 750, 400 e 250 euros respectivamente, medalla de prata conmemorativa do Certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo Colexio M. Peleteiro. Se na opinión do Xurado a calidade das obras así o require, poderán outorgarse accésits. Os premios poderán declararse desertos.

» XURADO:

Estará constituído por escritores e profesores de Lingua ou Literatura de distintos centros de ensino de Galicia e darase a coñecer con anticipación á emisión do fallo.

» PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Remata o día **21 de xaneiro**.

» FALLO:

Farase público nos medios de comunicación e na web do Colexio o día **12 de marzo**.

» FINAL:

A entrega de premios terá lugar o día **7 de abril** nun acto literario no Colexio M. Peleteiro. Nel, os agasallados deberán ler, total ou parcialmente, a súa obra, que quedará en propiedade do Colexio organizador. Cómpre a asistencia do premiado ou premiada, ou ben dun representante que recolla o premio no seu nome.

SANTIAGO, OUTUBRO DE 2021